

SENSIBILIZACIÓN MEDIOAMBIENTAL E NA IGUALDADE DE XENERO

INTRODUCCIÓN:

O medioambiente defínese como o conxunto de valores naturais, sociais e culturais existentes nun lugar e un momento determinado, que inflúen na vida material e psicolóxica do home e no futuro de xeracións vindeiras.

Para poder levar a cabo a sensibilización ambiental e comprender desta forma o que ocorre ao noso ao redor, é imprescindible coñecer os diferentes conceptos referidos ao medioambiente e identificar as diferentes alternativas que se nos presentan para coidar o noso medioambiente e evitar a súa deterioración.

Ao longo desta xornada veremos aspectos relacionados con sensibilización ambiental tales como conceptos básicos (medioambiente, cambio climático e desenvolvemento sostible) e boas prácticas ambientais na actividade profesional obxecto de formación.

OBXECTIVOS:

- Definir os diferentes conceptos utilizados habitualmente ao referirnos ao medioambiente, tales como medioambiente, cambio climático e desenvolvemento sostible.
- Analizar as boas prácticas ambientais nas diferentes prácticas profesionais.
- Diferenciar entre os conceptos básicos de igualdade legal e igualdade efectiva, tendo en conta o contexto das sociedades actuais.
- Relacionar as diferentes normativas, internacional, comunitaria e estatal que se encargan da regulación da igualdade de xénero.
- Describir a situación actual de homes e mulleres no mercado de traballo actual e algunhas das causas que provocan diferenzas.
- Coñecer as causas da discriminación, tanto vertical como salarial, que afectan as mulleres traballadoras en España.
- Analizar as políticas referentes a igualdade no ámbito laboral, concretamente as relativas a conciliación da vida laboral e familiar.

CONTIDOS:

1. Conceptos básicos: medio ambiente, cambio climático, desenvolvemento sostible.
2. Boas prácticas ambientais na actividade profesional obxecto de formación.
3. Igualdade legal e igualdade efectiva.
4. Igualdade no ámbito laboral: sectores produtivos, conciliación da vida laboral e familiar.